

MANUEL MARÍA

Meu caro amigo que aínda estás de noso
no candil da noite coma un faro de mar ancha
que nos trae no soño en madrugueiro
acordo que andamos no reboredo do miño
co teu nome de sempre en tantas xeiras
de agromar contra o escuro maldicir en auto-odio
que nos quere en simas, pó...en terra allea.

E ti resistes e non negas aquel orgullo
na historia coas palabras das estirpes
que velaí están de seu
en nunca desamor na nosa Casa.

*Xosé Vázquez Pintor
Cangas, 31 de agosto: polo San Ramón de Quian, de tantos anos 2009*